

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE RECOÑECEN AS ACTIVIDADES FORMATIVAS OU EQUIPARABLES Á FORMACIÓN COMO MÉRITO PARA A CONSOLIDACIÓN DO COMPOÑENTE DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FORMACIÓN PERMANENTE AOS/AS FUNCIONARIOS/AS DAS ESCALAS DE PROFESORES/AS NUMERARIOS/AS E MESTRES/AS DE TALLER QUE IMPARTEN ENSINANZAS NOS INSTITUTOS E ESCOLAS OFICIAIS MARÍTIMO-PESQUEIRAS DA CONSELLERÍA DO MAR

ANTECEDENTES

O día 15/01/2026 reúnese a comisión de valoración para revisar os certificados e documentos presentados polas persoas interesadas na consolidación do compoñente do complemento específico por formación permanente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, no seu artigo 18 adscribe á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (actualmente Consellería do Mar) as escalas de profesores/as numerarios/as e mestres/as de taller. Tamén o artigo 19 establece que o seu réxime retributivo será o establecido para os/as funcionarios/as dos corpos de profesores/as de ensino secundario e de profesores/as técnicos/as de formación profesional respectivamente, destinados en centros públicos dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 12 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento e consolidación do compoñente do complemento específico aos/ás funcionarios/as das escalas de profesores/as numerarios/as e

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



mestres/as de taller dos institutos e escolas oficiais marítimo-pesqueiras dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

- Decreto 149/2024, de 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no que se indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE:

Recoñecer as seguintes actividades de formación ou equiparables á formación para a consolidación do compoñente do complemento específico por formación permanente ao persoal funcionario das escalas de profesorado numerario e mestres de taller dos institutos e escolas oficiais marítimo-pesqueiras dependentes da consellería con competencias en materia de pesca, así como a aquel persoal funcionario pertencente ás ditas escalas con destino nos servizos técnicos dependentes da dita consellería, e que figuran anexadas a esta resolución.

Estas actividades de formación cumpren co establecido na Orde do 12 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento e consolidación do compoñente do complemento específico aos/ás funcionarios/as das escalas de profesores/as numerarios/as e mestres/as de taller dos institutos e escolas oficiais marítimo-pesqueiras dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A actividade quedará inscrita no catálogo de actividades formativas que poderá ser consultado na páxina web <https://mar.xunta.gal/es/formacion/informacion-ao-profesorado>

As persoas interesadas no recoñecemento de actividades de formación ou equiparable a formación, previamente a súa realización, poderán presentar ante a

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cmad.xdesenvolvemento@xunta.gal



Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro toda a documentación acreditativa de dita formación. As actividades serán susceptibles de recoñecemento segundo establece a comisión de valoración, que en calquera momento poderá solicitar á persoa interesada a información necesaria para avaliar a actividade que pretenda ser recoñecida.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo de un mes desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Angeles Vázquez Suárez

Asinado dixitalmente

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



ANEXO: cursos validados pola comisión de sexenios a incorporar ao catálogo de actividades formativas

ACTIVIDADE FORMATIVA	ENTIDADE ORGANIZADORA	ESPECIALIDADE DO PROFESORADO
Acoso laboral, acoso sexual e acoso por razón de sexo: prevención, detección e intervención (200 horas)	Universidade Católica Santa Teresa de Xesús de Ávila	Todo o profesorado
Orientación para o manexo da aula virtual. Moodle (30 horas)	EGAP	Todo o profesorado
Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas (20 horas)	Universidade de Santiago de Compostela	Todo o profesorado
Curso de Aplicacións Informáticas de Follas de Cálculo (Microsoft Office 2019) (50 horas)	EGAP	Todo o profesorado
Curso de Aplicacións Informáticas de Bases de Datos Relacionais (Microsoft Office 2019) (50 horas)	EGAP	Todo o profesorado

Así mesmo, a comisión de valoración acordou na súa reunión do día 15/01/2025:

1. Estender o recoñecemento para a valoración de sexenios a todas as edicións do Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas realizadas pola Universidade de Santiago de Compostela.
2. Estender o recoñecemento das actividades formativas incluídas no catálogo para a valoración de sexenios a todo o profesorado independentemente da súa especialidade.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal

